



Subvenciona:



Cada vez más cerca de las personas





Boas chic@s! Como vai todo? Esperamos que ben! Ademais agora co bo tempo que está facendo e podendo saír máis á rúa para aproveitalo... Xa se toma doutro xeito, non si?

Moitos de vós seguramente xa fóchedes darlle unha visita ás vosas familias (avós, avoas, tíos, tías, madriñas, padriños...) que tanto botamos de menos nesta época, verdade?

Esta situación fíxome pensar na cantidade de familias diferentes que existen, vós cantos tipos de familias coñecedes? Eu coñezo familias formadas por un papá, unha mamá e un neno. Outras formadas por unha mamá, un avó e dous nenos. Tamén familias formadas por dous papás ou dúas mamás máis os seus fillos...



**LUDI-EDUCA BOIRO**



Subvenciona:



**Cada vez más cerca de las personas**



Entón ocorréuseme dedicarlle esta última actividade do curso ás nosas familias, que vos parece?

Imos a coñecer un pouco máis sobre elas, así que agora é o momento de preguntarlle aos nosos pais/nais, avós/avoas... cousas sobre a familia e que nos conten esas historias que tanto desfrutan relatando... 🧡

Entón ímonos converter en investigadores! 🧐

Xa que unha vez nos conten as historias, imos ter que recompilar fotos da nosa familia, incluso dos antepasados se podemos. Para así acabar formando a nosa propia árbore xenealóxica.



**LUDI-EDUCA BOIRO**



Subvenciona:

 **JEALSA**



**Cada vez más cerca de las personas**

 **Cruz Roja Juventud**

## Que imos necesitar?

Déixovos a imaxe da árbore que eu escollín [aquí](#) pero vós podedes usar outra ou mesmo debuxala. Eu, como xa sabedes que non se me da moi ben o debuxo, tiven que escoller unha imaxe... 😅 Pero vós, xa sei que debuxades moi ben que o puiden comprobar estes meses jiji.

Se o facedes por ordenador, podedes abrir a imaxe no Word ou no Paint e irille insertando as fotos nos cadros correspondentes. E, se o facedes á man, simplemente teredes que ir pegando as fotos no seu respectivo cadro.



LUDI-EDUCA BOIRO

Subvenciona:

 JEALSA

Cada vez más cerca de las personas

 Cruz Roja Juventud

Espero que o pasárades moi ben facendo esta última actividade de Ludi-Educa. E que aprendérades moito sobre as vosas familias.

Os que queirades compartir comigo as vosas árbores, estarei moi contenta de recibilas! E así ver o ben que vos quedaron e o creativos que fóchedes.



Tamén dicirvos que si aínda seguides tendo a prantiña, me envíedes unha foto dela e do seu nome porque, xa que non vos puiden entregar a recompensa, dareivos os parabéns cunha publicación dende as nosas redes sociais! (Facebook: Cruz Roja Boiro)

Lémbrovos o meu correo: [loresa@cruzroja.es](mailto:loresa@cruzroja.es)

**LUDI-EDUCA BOIRO**



Subvenciona:

 **JEALSA**

**Cada vez más cerca de las personas**

 **Cruz Roja Juventud**





Moitas gracias por portarvos tan ben connosco e participar sempre en todas as actividades que vos propuxemos en cada sesión. Foi todo un pracer compartir este curso con vós, verémonos para o curso que vén polo cole! Esperamos que pasedes un bo verán! Unha forte aperta!

**LUDI-EDUCA BOIRO**



Subvenciona:

 **JEALSA**

**Cada vez más cerca de las personas**

 *Cruz Roja Juventud*